



**RGCUD**

# I PLAN ESTRATÉXICO REDE GALEGA DE COOPERACIÓN UNIVERSITARIA AO DESENVOLVEMENTO (2021-2030)

Década de acción polos  
Obxectivos de Desenvolvemento  
Sustentable



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo



XUNTA  
DE GALICIA



cooperación galega

Este I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (2021-2030) elaborouse ao abeiro do convenio das Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia para as actividades da RGCUD nos anos 2018 e 2019.

**Data:** Marzo 2021.

**Como citar:** RGCUD (2021). *I Plan Estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (2021-2030)*. Galicia: Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

## Índice

<b>Limiar</b> .....	<b>3</b>
<b>Declaración Institucional</b> .....	<b>4</b>
<b>1. Fundamentos da RGCUD</b> .....	<b>6</b>
1.1. As Universidades e a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas	6
1.2. A cooperación universitaria para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030.....	9
1.3. Antecedentes e logros da RGCUD .....	11
1.4. Diagnóstico da RGCUD .....	15
1.5. Retos e desafíos da RGCUD .....	17
1.6. Misión e visión da RGCUD .....	17
1.7. Valores, principios e enfoques da RGCUD.....	18
1.8. Gobernanza e capacidades da RGCUD .....	19
<b>2. Ámbitos estratéxicos da CUD das Universidades públicas galegas</b> .....	<b>20</b>
<b>3. Resultados de xestión</b> .....	<b>21</b>
RX 1. As Universidades públicas galegas incorporan de maneira transversal os principios, valores e obxectivos do desenvolvemento humano sustentable á gobernanza, planificación e xestión universitaria .....	21
RX 2. As Universidades públicas galegas inclúen na formación da comunidade universitaria as competencias e contidos relacionados co desenvolvemento sustentable, equitativo e inclusivo necesarios para a construción dunha cidadanía global activa, crítica e comprometida coa transformación social positiva. ....	22
RX 3. As Universidades públicas galegas promoven a xeración e transferencia de coñecemento ao servizo do desenvolvemento sustentable e da visión, retos e desafíos da Axenda 2030 en todas as súas esferas (persoas, prosperidade, planeta, paz e alianzas). ....	23
RX 4. A RGCUD fortalece a súa capacidade institucional.....	24
RX 5. A comunidade universitaria e a cidadanía galega acceden a información de calidade sobre os logros colectivos no eido da CUD e da consecución dos ODS por parte das Universidades públicas galegas.....	25
<b>4. Avaliación e xestión do coñecemento</b> .....	<b>26</b>
<b>5. Marco de resultados e indicadores</b> .....	<b>27</b>
<b>Listado de acrónimos e siglas</b> .....	<b>29</b>
<b>Bibliografía</b> .....	<b>30</b>

## Limiar

En 2019 celebrouse o vinte cinco aniversario da institucionalización da cooperación universitaria para o desenvolvemento (CUD) en Galicia coa creación das pioneiras Oficina de Acción Solidaria da UDC e da Oficina de Voluntariado da USC. Desde 1995 as Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo teñen apostado pola CUD como expresión do compromiso e a solidariedade da comunidade universitaria coa transformación social positiva, a mellora dos países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento, e a construción dunha cidadanía comprometida co desenvolvemento humano sustentable a nivel local e global. Nestas máis de dúas décadas de experiencia e aprendizaxe téñense tecido espazos e dinámicas de traballo conxunto e confianza mutua que cristalizaron en 2014 na constitución da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) grazas ao apoio da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia.

O nacemento da RGCUD aconteceu no seo do proceso de renovación da axenda global de desenvolvemento que en 2015 se materializou na aprobación polas Nacións Unidas da Axenda 2030 e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS). Até o ano 2030, esta Axenda 2030 actuará como horizonte estratéxico e operativo do conxunto de actuacións en CUD das Universidades xa que sinala os principais retos e desafíos da Humanidade e do Planeta. De forma coherente coa súa misión, as Universidades están a integrar a Axenda 2030 xa que constitúe unha oportunidade e unha esixencia: en primeiro lugar, pola necesaria incorporación institucional do Desenvolvemento Sustentable e, en segundo lugar, pola súa corresponsabilidade na construción de sociedades con maiores cotas de benestar, inclusión, equidade, xustiza social e paz onde se respectan a dignidade, a liberdade, a igualdade e os dereitos humanos das persoas en institucións sólidas e democráticas nun medio ambiente san e saudable.

Nesta década que resta para acadar a consecución da Axenda 2030 e os ODS as Universidades deberán realizar unha contribución crítica e construtiva ao desenvolvemento sustentable a través da educación, investigación, innovación, transferencia de coñecemento e a extensión universitaria. De feito, as Universidades galegas contan con vontade, experiencia de liderado social e cos recursos, capacidades e talento necesarios para que a visión compartida da Axenda 2030 se faga realidade a nivel local e global. Esta estratexia da RGCUD (2021-2030) dá resposta a esta esixencia, sendo o resultado dun proceso participativo e expresión da vontade colectiva de construír en man común desde Galicia un futuro sustentable e digno para todas as

persoas e sociedades preservando o noso Planeta para as xeracións futuras. Este é o noso desafío. Velaquí o noso compromiso para esta década decisiva para a Humanidade e o Planeta.

## Declaración Institucional

### *O compromiso das Universidades públicas galegas coa Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas*

A Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo somos conscientes de que a humanidade e o noso Planeta están a afrontar tres desafíos globais que non entenden de fronteiras: a pobreza, as desigualdades e a crise ecolóxica. Estas realidades poñen en risco a sustentabilidade e continuidade da vida e demandan cambios nos nosos estilos de vida e modelos de produción e consumo para conseguir un mundo máis xusto e sustentable.

A Axenda 2030 das Nacións Unidas e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable constitúen o principal marco de resposta colectiva da humanidade aos grandes retos globais definindo as transformacións necesarias para construír comunidades locais e globais con maior cohesión e xustiza social, equidade, benestar e sustentabilidade ambiental. Esta é unha aspiración común á que teñen contribuído as Universidades públicas galegas desde a súa orixe, traballando conxuntamente e con fidelidade ao seu compromiso e corresponsabilidade na promoción do desenvolvemento das sociedades e contorna nas que estamos arraigadas.

As Universidades galegas, como motores de coñecemento, innovación, emprendemento e compromiso social, queremos unir a nosa experiencia, capacidades, recursos e talento en favor da consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable cara ao 2030. Con esta Declaración sumámonos ao movemento global que traballa en man común e comparte a necesidade de actuar para construír sociedades pacíficas, xustas, democráticas e inclusivas que respectan e promoven os dereitos humanos, que non deixan a ningunha persoa atrás, que poñen fin á fame e á pobreza en todas as súas formas, que garanten a dignidade e igualdade das persoas e que protexen os recursos naturais do noso Planeta e o clima para as xeracións futuras asegurando as oportunidades necesarias para podermos levar vidas prósperas e satisfactorias en harmonía coa natureza.

Conscientes da responsabilidade das Universidades na superación dos desafíos planetarios e da oportunidade que representa a Axenda 2030 comprometémonos a:

1. Reforzar a incorporación de maneira transversal dos principios, valores e obxectivos do desenvolvemento sustentable á gobernanza, planificación e xestión das nosas Universidades.

2. Favorecer a inclusión na formación de toda a comunidade universitaria aquelas competencias relacionadas co desenvolvemento sustentable, equitativo e inclusivo necesarias para a construción dunha cidadanía global activa, crítica e comprometida coa transformación social positiva.
3. Promover a xeración e transferencia de coñecemento ao servizo do desenvolvemento sustentable e a visión da Axenda 2030.
4. Impulsar e apoiar o desenvolvemento de proxectos innovadores que afronten os retos da Axenda 2030 a nivel local e global.
5. Apoiar ao sector produtivo na consecución dos principios e fundamentos da economía circular no marco da transición ecolóxica.
6. Reforzar o vínculo das nosas Universidades con outros axentes sociais (Administracións Públicas, sector privado, sindicatos, ONG, outras comunidades educativas, etc.) para a creación e consolidación de alianzas inclusivas a nivel local e global nos ámbitos da formación, investigación, transferencia e gobernanza universitaria para a consecución da Axenda 2030.
7. Fomentar as actividades de cooperación universitaria para o desenvolvemento como expresión do compromiso solidario das nosas comunidades universitarias cos países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento.
8. Reportar información sobre a realización e localización da Axenda 2030 nas nosas Universidades.

*Declaración asinada o 27 de novembro de 2019 en Santiago de Compostela por Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Pilar García de la Torre, vicerreitora de Internacionalización e Cooperación da Universidade da Coruña; José Luís Míguez, vicerreitor de Planificación e Sostibilidade da Universidade de Vigo, e Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.*

## 1. Fundamentos da RGCUD

Desde a súa creación e impulso en 2014 e a súa progresiva consolidación no lustro 2015-2019, a RGCUD ten promovido unha reflexión colectiva e aprendizaxe sobre o sentido e valor diferencial da CUD no seo das Universidades públicas galegas. Neste apartado analízase o papel das Universidades no marco da Axenda 2030 das Nacións Unidas, os antecedentes e logros da RGCUD, o diagnóstico da súa situación actual e os retos e desafíos a medio prazo, a súa misión e visión, os seus valores, principios e enfoques, e a súa gobernanza e capacidades.

### 1.1. *As Universidades e a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas*

En setembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable que integra 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e 169 metas (Nacións Unidas, 2015). A resolución “Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable” foi o resultado dun amplo proceso de negociación e consulta aberto e participativo no que se implicaron representantes dos 193 estados membros das Nacións Unidas, Gobernos Locais, organizacións da sociedade civil, universidades, o sector privado e a cidadanía mundial (Nacións Unidas, 2013). Esta renovada axenda global para o desenvolvemento substituíu á plasmada na Declaración do Milenio do ano 2000 e que se materializou nos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) que guiaron a axenda global de desenvolvemento até o 2015.

#### **Un diagnóstico compartido sobre a situación do Planeta e da Humanidade**

§ 14. Reunímonos nun momento en que o desenvolvemento sustentable afronta inmensos desafíos. Miles de millóns dos nosos cidadáns seguen a vivir na pobreza e privados dunha vida digna. Van en aumento as desigualdades, tanto dentro dos países como entre eles. Existen enormes disparidades en canto ás oportunidades, a riqueza e o poder. A desigualdade entre os xéneros segue a ser un reto fundamental. É sumamente preocupante o desemprego, en particular entre a mocidade. Os riscos mundiais para a saúde, o aumento da frecuencia e a intensidade dos desastres naturais, a escalada dos conflitos, o extremismo violento, o terrorismo e as consecuentes crises humanitarias e desprazamentos forzados da poboación ameazan con anular moitos dos avances en materia de desenvolvemento logrados durante os últimos decenios. O esgotamento dos recursos naturais e os efectos negativos da degradación do medio ambiente, incluídas a desertificación, a seca, a degradación das terras, a escaseza de auga doce e a perda de biodiversidade, aumentan e exacerbaban as dificultades ás que se enfrenta a humanidade. O cambio climático é un dos maiores retos da nosa época e os seus efectos adversos minguan a capacidade de todos os países para alcanzar o desenvolvemento sustentable. A subida da temperatura global, a elevación do nivel do mar, a acidificación dos océanos e outros efectos do cambio climático están a afectar gravemente ás zonas costeiras e os países costeiros de baixa altitude, incluídos numerosos países menos adiantados e pequenos Estados insulares en desenvolvemento. Periga a supervivencia de moitas sociedades e dos sistemas de sostén biolóxico do planeta.

Nacións Unidas (2015). *Transformar o noso mundo: a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable*.

A Axenda 2030 deseñouse cunha visión máis ambiciosa e holística do desenvolvemento sustentable integrando nos seus 17 ODS as dimensións económica, social e ambiental e abrindo unha oportunidade para que o coidado do planeta e os dereitos das persoas se situasen no centro da axenda global, estatal e local. De feito, a Axenda 2030 presenta tres novidades que a singularizan e ás que as Universidades poden realizar unha achega significativa:

- **Universalidade:** impondo responsabilidades compartidas, aínda que diferenciadas para cada actor de tal xeito que a Universidade poida aportar ao proceso global de transformación desde o seu eido de especialización en formación, investigación, transferencia e extensión universitaria e desde o compromiso coa súa contorna local.
- **Integralidade e indivisibilidade:** reflectindo a multidimensionalidade dos procesos de desenvolvemento de tal xeito que se deben impulsar progresos no conxunto dos 17 ODS desde a Universidade integrándoos de xeito coherente na súa misión, gobernanza, estratexias e actividades.
- **Diversidade:** promovendo a xeración de alianzas e espazos multiactor de tal xeito que a Universidade poida fornecer unha achega significativa e relevante aos procesos locais e globais de desenvolvemento sustentable desde a súa ampla experiencia de cooperación e traballo en rede.

A Axenda 2030 xira arredor de cinco eixos centrais: Persoas, Planeta, Prosperidade, Paz e Partenariados /Alianzas que se plasman na visión dun mundo onde as persoas están primeiro e ningunha persoa é deixada atrás, onde a prosperidade é compartida, que respecta e conserva o planeta, onde se consolida e constrúe a paz baseada na xustiza, a través do traballo en asociación e man común para conseguilo. Cada un dos denominados “P” da visión da Axenda 2030 arela a:

1. **Persoas:** poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e garantir a dignidade e igualdade.
2. **Planeta:** protexer os recursos naturais do noso planeta e o clima para as xeracións futuras.
3. **Prosperidade:** asegurar vidas prósperas e satisfactoria en harmonía coa natureza.
4. **Paz:** promover a paz, a xustiza e sociedades inclusivas.
5. **Partenariados/Alianzas:** implementar a Axenda a través dunha sólida alianza global.

A pesar destas virtudes, a Axenda 2030 non está exenta de críticas por mor das súas insuficiencias: a falta de centralidade dos dereitos humanos, ausencia de cuestionamento do modelo económico, exceso de optimismo no solucionismo tecnolóxico e mercantil dos



problemas globais, a limitada atención ás asimetrías de poder na gobernanza global, etc. (Futuro en Común, 2016). Co fin de reforzar a capacidade transformadora da Axenda 2030 e a superación das súas limitacións, a Universidade tense comprometido a realizar unha achega crítica e construtiva á mesma mediante a xeración, transferencia e difusión dun coñecemento aberto ao servizo da sociedade, o benestar e a sustentabilidade (CRUE, 2018) dentro dos esforzos colectivos a nivel local, autonómico e estatal para promover a súa consecución, tal e como se reflicte no *Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030 Hacia una Estrategia Española de Desarrollo Sostenible* aprobado polo Goberno de España en 2018 (Gobierno de España, 2018).

### O compromiso das Universidades españolas coa Axenda 2030

As contribucións das universidades españolas á aplicación da Axenda 2030 son as seguintes:

1. A incorporación de maneira transversal dos principios, valores e obxectivos do desenvolvemento sostible á misión, as políticas e as actividades das universidades e de CRUE Universidades Españolas.
2. Un compromiso decidido coa inclusión de competencias relacionadas cun desenvolvemento sustentable e inclusivo, necesarias para a construción dunha cidadanía global, na formación de todo o estudiantado, o persoal docente e investigador e o persoal de administración e servizos.
3. A xeración e a transferencia dun coñecemento comprometido co desenvolvemento sustentable, incluíndo aquí tamén o coñecemento necesario para articular e dar seguimento á propia Axenda 2030.
4. A capitalización dos espazos singulares que ofrecen as comunidades universitarias para a posta en marcha de proxectos innovadores para abordar os retos da Axenda 2030 a escala controlada.
5. O fortalecemento do vínculo da universidade con outros axentes da sociedade, desde administracións públicas a actores sociais pasando por empresas e outros colectivos, aproveitando a súa experiencia na creación e consolidación de alianzas a varios niveis, desde as redes internacionais de investigación e cooperación á visibilización e inclusión de colectivos minoritarios.
6. A articulación dun debate público e aberto en torno ao desenvolvemento sustentable, a Axenda 2030 e a súa propia gobernanza no contexto nacional e internacional.
7. Compromiso por parte das universidades, a reportar informes acerca dos seus impactos en termos de docencia, investigación e transferencia, aliñándoos a cada un dos ODS.

CRUE (2018). *El compromiso de las Universidades españolas con la Agenda 2030*

A pesar de que se están a impulsar un amplo conxunto de medidas para a implementación da Axenda 2030 no conxunto das Administracións públicas entre as que se inclúen as Universidades, os avances aínda semellan insuficientes (Gobierno de España, 2019). De todos os xeitos, o marco da Axenda 2030 xa se está a constituír no relato compartido, o horizonte común e o instrumento dinamizador das políticas públicas autonómicas e estatais. Por este motivo, esta nova década será determinante para conseguir os progresos necesarios para que as promesas e metas da Axenda 2030 se fagan realidade. E neste traballo en man común as Universidades desempeñarán un papel fundamental.

## 1.2. *A cooperación universitaria para o desenvolvemento no marco da Axenda 2030*

A cooperación universitaria para o desenvolvemento (CUD) en España desenvólvese na década dos anos 80 e 90 do pasado século de xeito paralelo á creación do sistema español de cooperación internacional e á progresiva consolidación normativa e institucional desta política pública. De feito, moitas Universidades, centros e grupos de investigación, persoal docente e investigador (PDI) e persoal de administración e servizos (PAS) foron pioneiros e responsables de dotar de fundamentos teóricos e prácticos a esta área específica da acción exterior do Estado.

Por este motivo, a Lei estatal 23/1998, de 7 de xullo, de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento recomendaba no seu artigo 31 a necesidade de fomentar a actividade neste eido das Universidades que xa estaban a actuar como axentes de cooperación. No caso de Galicia a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento recoñecía no seu artigo 23 ás Universidades como axentes de cooperación e, desde 2006, os sucesivos Plans Directores da Cooperación Galega fomentaron a participación das Universidades nas actividades de cooperación a través de diferentes instrumentos de colaboración e financiamento nas súas áreas de especialización xeográfica e sectorial.

Para fortalecer esta experiencia e dotala dun horizonte compartido de actuación, a Conferencia de Reitores das Universidades Españolas (CRUE) aprobaba no ano 2000 a *Estratexia de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento* (ESCUDES). No seu proceso de elaboración e aprobación tivo un especial protagonismo a Universidade da Coruña, tanto na constitución dun grupo de traballo específico no seo do Comité Español Universitario de Relacións Internacionais da CRUE coma no mandato para a elaboración desta estratexia recibido nas Xornadas de Cooperación para o Desenvolvemento celebradas en A Coruña en xullo de 1999.

Posteriormente, en 2006 a CRUE aprobou o *Código de conduta das Universidades en materia de cooperación para o desenvolvemento* que define no seu artigo 9 á CUD como:

O conxunto de actividades levadas a cabo pola comunidade universitaria e orientadas á transformación social nos países máis desfavorecidos, en prol da paz, a equidade, o desenvolvemento humano e a sustentabilidade medioambiental no mundo, transformación na que o fortalecemento institucional e académico teñen un importante papel.

En 2008 a CRUE crea o Observatorio da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (OCUD) a iniciativa do Grupo de Traballo de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento da Comisión-CRUE Internacionalización e Cooperación. O OCUD opera como un sistema integrado de comunicación e información ao servizo das Universidades españolas para o

intercambio de experiencias e o traballo en rede entre universidades, a visibilización da CUD, a homologación de accións e a elaboración de estratexias, accións e proxectos conxuntos.

Progresivamente, as Universidades teñen ido adquirindo unha maior experiencia e protagonismo na cooperación para o desenvolvemento mediante a institucionalización de unidades e servizos especializados como as oficinas de cooperación e análogas, a elaboración de plans e programas específicos e a realización de actividades orientadas á solidariedade internacional nos eidos da formación, investigación, extensión, internacionalización e fortalecemento de capacidade e cooperación técnica con institucións de educación superior, centros de investigación e administracións públicas nos países en vías de desenvolvemento. Simultaneamente, as transformacións da axenda global de desenvolvemento e a implementación da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable teñen motivado a aprobación pola CRUE das *Directrices da cooperación universitaria ao desenvolvemento para o período 2019-2030* que renovan o marco estratéxico común das Universidades españolas neste eido. Estas directrices complementan a definición de CUD da ESCUDES engadindo:

A CUD é a expresión do compromiso e a solidariedade da comunidade universitaria, contribuíndo a unha cidadanía comprometida co desenvolvemento humano sustentable. A través da CUD a comunidade universitaria implícase na construción dun mundo máis xusto e sustentable, desde os seus eixos básicos de actuación: educación, investigación e transferencia de coñecemento e conexión coa sociedade.

As Universidades nesta vindeira década van desempeñar un papel fundamental para acelerar os progresos cara á consecución do conxunto dos ODS e non só do ODS 4 (“Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas”) relativo especificamente á educación. A educación, a investigación, a innovación, a transferencia de coñecemento, a extensión universitaria e o seu liderado social actuarán como dinamizadores e impulsores das seis áreas que se teñen identificado como fulcrais para a realización da Axenda 2030 (Independent Group of Scientists, 2019):

1. Fortalecemento do benestar e das capacidades humanas.
2. Transformación cara a economías sustentables e xustas.
3. Construción de sistemas sustentables de produción de alimentos e de modelos saudables de nutrición.
4. Consecución da descarbonización enerxética e o acceso universal á enerxía.
5. Promoción do desenvolvemento sustentable urbano e peri-urbano.
6. Aseguranza dos bens públicos globais medioambientais.

Unicamente unha acción concertada do conxunto dos actores públicos e privados poderán encarrear os fenómenos que están a desviar á Humanidade do cumprimento dos ODS como o aumento das desigualdades, a crise climática, a perda de biodiversidade ou o

incremento do lixo derivado da actividade humana. As Universidades galegas deben e poden realizar unha achega fundamental para que non perdamos a esperanza, para que os procesos e cambios nos ecosistemas planetarios non acaden a condición de irreversibles, e para que as necesarias transformacións sociais, políticas e económicas se baseen en criterios de xustiza social, global e climática e no principio ético de non deixar a ningunha persoa atrás.

### **1.3. Antecedentes e logros da RGCUD**

En 1990 naceu o actual Sistema Universitario de Galicia integrado pola Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo e cunha implantación territorial en sete campus (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Vigo, Pontevedra e Ourense). De forma case simultánea aconteceu o xermolar da cooperación galega para o desenvolvemento coa creación da Coordinadora Galega de ONGD (1991), o primeiro convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Axencia Española de Cooperación Internacional (1992), a creación do Rexistro Galego de ONGD e a primeira convocatoria de subvencións a proxectos de cooperación (1994), entre outros fitos. No eido da CUD, á actividade en solidariedade internacional do PDI e PAS e determinados grupos de investigación, uniuse a institucionalización de servizos especializados como a Oficina de Acción Solidaria (OAS) da UDC en 1995, que en 2004 se transforma na actual Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV), ou o Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) da USC nado a partir da Oficina de Voluntariado creada en 1995. Finalmente, en 2018 créase na Universidade de Vigo a Área de Responsabilidade Social e Cooperación (ARSC) encargada do deseño e implementación da estratexia CUD na universidade.

Durante case vinte cinco a colaboración interuniversitaria no eido da CUD en Galicia realizouse no marco do traballo conxunto entre PDI, PAS e os servizos especializados das Universidades ou ben ao abeiro das actividades promovidas desde a CRUE (Grupo de Traballo de CUD, Congresos estatais de Universidades e CUD, etc.). Ao tempo, as Universidades de A Coruña e Santiago de Compostela contaron con cadanseu convenio individual de financiamento coa Xunta de Galicia e que apoiaron fundamentalmente a organización anual do Máster en Xestión da Cooperación Internacional e das ONGs (USC) e o Curso de formación específica de posgrao de Cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de ONG (UDC).

Tras da non renovación en 2012 destes convenios individuais, en 2014 a Xunta de Galicia realizou a proposta de apoiar o traballo en rede das tres universidades públicas galegas en CUD no marco do III Plan Director da Cooperación Galega (2014-2017) asinándose un convenio para a creación da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD). Desde 2014 téñense asinado catro convenios que teñen financiado as actividades da RGCUD no eido

da visibilización da CUD e da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable, formación, sensibilización e educación para a cidadanía global e traballo en rede.

De forma sintética, as Universidades públicas galegas desenvolveron desde 2015 as seguintes actividades no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS:

<b>Visibilización da CUD e da Axenda 2030</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Web da RGCUD (<a href="http://www.rgcud.gal">www.rgcud.gal</a>).</li> <li>– Base de datos da CUD en Galicia (RGCUD).</li> <li>– Premios Consello Social UVigoHumana (UVIGO).</li> <li>– Premios ao mellor TFG/TFM en Axenda 2030, cooperación ao desenvolvemento e RSU, 2018/2019 (UVIGO).</li> <li>– Premio UDC Sustentabilidade aos Traballos de Fin de Mestrado e Traballos de Fin de Grao (UDC).</li> <li>– Almorzos de traballo co PDI e a comunidade universitaria (UDC). 2019.</li> <li>– Campañas de difusión dos ODS na web institucional e nas redes sociais da UDC, USC e UVIGO.</li> <li>– Concerto solidario de Juancho Marqués a prol do programa de promoción do Dereito Humano á Auga no Golfo de Fonseca en Honduras xestionado pola ONGD Enxeñería Sen Fronteiras (UVIGO). 2019.</li> <li>– Almorzos Xustos (USC). 2016 e 2017</li> <li>– Obradoiros Comercio Xusto, proximidade e circuítos cursos de distribución (USC). 2016 e 2017.</li> <li>– Conferencias “Mulleres en prol da Gaia” (USC). 2016, 2017 e 2019</li> </ul>
<b>Formación</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Bolsas do Programa de Coñecemento da Realidade e do Programa de Coñecemento da Cooperación (UDC). 2014 e seguintes.</li> <li>– Bolsa de formación en responsabilidade social e cooperación (UVIGO).</li> <li>– Bolsas de mobilidade RSU e Axenda 2030 para a realización de TFG/TFM en países en desenvolvemento, 2018-2019 (UVIGO).</li> <li>– Curso de formulación de proxectos CUD e EpD: o financiamento de Organismos Multilaterais (UDC, USC, UVIGO). 2015.</li> <li>– Curso en liña de Iniciación ao Voluntariado e Cooperación Internacional (USC). 2015.</li> <li>– Curso de Iniciación ao Voluntariado e Cooperación Internacional (USC). 2015.</li> <li>– Curso de Identificación e formulación de proxectos de cooperación ao desenvolvemento: Enfoque de Marco Lóxico (USC). 2015.</li> <li>– Curso de formulación de proxectos CUD e EpD: o financiamento da UE (UDC, USC, UVIGO). 2015.</li> <li>– I e II Curso Básico en Voluntariado (UDC). 2015 e seguintes</li> <li>– Curso Básico de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (USC). 2015.</li> <li>– Seminario: “Como elaborar un TFG/TFM con perspectiva CUD” (UDC). 2016, 2017, 2018</li> <li>– Curso “Introdución á CUD e EpD: formulación e xustificación de proxectos” (USC). 2015.</li> <li>– Curso “Formulación e xustificación administrativa de proxectos de cooperación universitaria ao desenvolvemento” (UDC). 2015.</li> <li>– Curso “A universidade como axente de cooperación ao desenvolvemento na cooperación galega” (UVIGO). 2015.</li> <li>– Xornada: Cooperación e axuda ao desenvolvemento: cultura e acción. (UDC). 2017</li> <li>– Obradoiro de formación para o desenvolvemento “Achégate ao Sur” (UVIGO). 2015.</li> <li>– Xornadas sobre Cooperación e Voluntariado Local e Internacional. Chaves para dar o paso (UDC). 2017</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Construindo aprendizaxe-servizo en torno aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (UDC). 2016, 2017,2018,2019 e 2020</li> <li>– Obradoiro sobre a transversalización dos ODS na Universidade (UDC). 2018</li> <li>– Curso de Introducción á Aprendizaxe-Servizo na Universidade (UVIGO). 2018.</li> <li>– Curso de Introducción á Aprendizaxe-Servizo dirixido ao PDI (USC). Dende 2016 ata a actualidade.</li> <li>– Proxectos de Innovación Educativa en Aprendizaxe-Servizo (USC). Dende 2016 ata a actualidade.</li> <li>– Obradoiro para PDI e PAS "Universidades e o seu rol transformador na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)" (UDC). 2018.</li> <li>– Curso "Axenda 2030 e a implementación dos ODS nas Universidades" para postos directivos e equipo de goberno (UVIGO). 2018.</li> <li>– Formación para equipo de goberno e xefaturas de servizo sobre Axenda 2030, coherencia de políticas e compra pública ética (USC). 2018.</li> <li>– Curso de formación específica de posgrao en cooperación e educación para o desenvolvemento (UDC). 2016, 2017, 2018 e 2020.</li> <li>– Curso de formación básica de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. Posgrao (USC). 2016</li> <li>– Curso de formación específica de cooperación internacional para o desenvolvemento. Posgrao (USC). 2018.</li> <li>– Obradoiro "Xoves para xoves. Voluntariado universitario para promover os dereitos humanos" para estudantes con TFG. (UVIGO). 2018.</li> <li>– Obradoiro sobre Axenda 2030 e ODS. Alumnado do Máster Oficial Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario (USC). 2018.</li> <li>– Curso "Como elaborar un TFG/TFM en perspectiva da Axenda 2030 e Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento" (UVIGO). 2020.</li> <li>– Curso "Axenda 2030. Unha oportunidade para transformar a Universidade" para PDI e PAS (UVIGO). 2020.</li> <li>– Formacións básicas "Introdución á cooperación e á EpD. Axenda 2030 e os ODS" (UDC). 2018.</li> <li>– Charla "Compra pública ética e a súa contribución cara o cumprimento dos ODS" (UDC). 2019.</li> <li>– Taller de "Transversalización da Axenda 2030 nas competencias dos graos universitarios" para PDI e PAS (UDC). 2018.</li> <li>– Seminario "Retos da cooperación para o desenvolvemento. Os ODS" (UDC). 2016.</li> <li>– Curso de voluntariado "Axenda 2030. Axentes do Cambio" (UVIGO). 2019.</li> <li>– Obradoiros: como inserir os ODS nos TFG e TFM (USC). 2016, 2017, 2018, 2019.</li> <li>– Cursos sobre sostibilidade, Axenda 2030 e ODS dirixido a PAS (USC). 2015, 2016 e 2019.</li> </ul>
<b>Sensibilización e educación para a cidadanía global</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Conferencias.</li> <li>– Actividades sobre a Axenda 2030 a cargo do voluntariado da UDC dentro do programa de educación para o desenvolvemento e sensibilización (UDC). 2014 e seguintes.</li> <li>– Obradoiros: "Coñecendo os ODS entre o alumnado da UDC" (UDC) 2019</li> <li>– Convocatoria de educación para o desenvolvemento, sensibilización e participación social da UDC que financia actividades que promovan o coñecemento da Axenda 2030 e dos ODS (UDC). 2016 e seguintes.</li> <li>– Xornadas "Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: unha oportunidade real de acabar coa pobreza global?" (USC). 2015.</li> <li>– Xornadas "A cooperación universitaria ao desenvolvemento ante a Axenda 2030" (UVIGO). 2018.</li> </ul>

	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Campaña “Consumo Responsable. Neste Nadal, consume con sentidiño” (UVIGO). 2018.</li> <li>– Xornadas de Educación para a Cidadanía Global. Facultade de Ciencias da Educación. Desde 2015. (USC).</li> <li>– Encontro de coordinación de proxectos Aprendizaxe-Servizo (ApS) da UVigo (UVIGO). 2019.</li> <li>– Encontro de Cooperación Universitaria para o desenvolvemento para o PDI (UVIGO). 2019.</li> </ul>
<b>Investigación e intercambio científico</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Publicación de “Boas prácticas na Cooperación e Educación para o Desenvolvemento nas Universidades Galegas”. RGCUD.</li> <li>– VIII Congreso Estatal Universidade e Cooperación para o Desenvolvemento “Coñecemento e compromiso social ante os retos globais” en Santiago de Compostela (RGCUD). 2019.</li> </ul>
<b>Traballo en rede</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Xornadas “Os ODS en Galicia: o papel da sociedade civil organizada” organizadas pola CGONGD. 2018.</li> <li>– Encontro Internacional de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento Galicia-Norte de Portugal (UVIGO). 2015.</li> <li>– Xornada “Construción de Alianzas Público-Privadas para o Desenvolvemento” (UDC). 2015.</li> <li>– Obradoiro “Construíndo o mundo que queremos” coa Rede Social Galicia Sur, a campaña Impórtanos e a CGONGD (UVIGO). 2018.</li> <li>– Manifesto institucional da Universidade de Vigo e Concello de Vigo co gallo do Día do Voluntariado (UVIGO). 2018.</li> <li>– Coloquio “O voluntariado como actor de cambio” co Concello de Vigo (UVIGO). 2018.</li> <li>– Xornadas “sODStendo o Planeta. Semana da Axenda 2030 na UVigo” coa Campaña Impórtanos do Concello de Vigo e o Consello Social da UVIGO. (UVIGO). 2019.</li> <li>– Curso monográfico “A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas Galegas” para persoal das Administracións públicas galegas (RGCUD). 2019.</li> <li>– Membro da Rede Española de Estudos de Desenvolvemento (REEDES).</li> <li>– Grupo de Traballo de Sostibilización Curricular. Comisión sectorial CRUE-Sustentabilidade.</li> <li>– Comisión sectorial CRUE Internacionalización e Cooperación.</li> </ul>
<b>Gobernanza e capacidades técnicas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Secretaría técnica (2014-2016)</li> <li>– Comisión de seguimento da RGCUD.</li> <li>– Plan de Comunicación da RGCUD. 2015.</li> <li>– Asistencias técnicas externas.</li> </ul>

Este amplo conxunto de actividades dinamizadas e impulsadas pola RGCUD facilitaron toda unha serie de logros e avances:

- A articulación dunha rede de traballo conxunto interuniversitario a través de espazos e dinámicas estables de diálogo, planificación e coordinación.
- A introdución da CUD na axenda institucional e dos equipos de goberno das tres Universidades así como o apoio e reforzamento dos procesos de localización e institucionalización da Axenda 2030 e dos ODS.
- A progresiva integración da CUD, Axenda 2030 e ODS nos instrumentos de planificación das tres Universidades.

- A identificación e visibilización das iniciativas e proxectos da comunidade universitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.
- O incremento da visibilización e coñecemento da CUD, Axenda 2030 e ODS entre a comunidade universitaria galega.
- A construción dun sistema de incentivos para a integración da CUD, Axenda 2030 e ODS na docencia e investigación.
- A xeración de sinerxías entre o PDI e PAS das tres Universidades con intereses e experiencia en CUD.
- O deseño e implementación dun plan integral e integrado de formación sobre CUD, Axenda 2030 e ODS dirixido ao conxunto da comunidade universitaria.
- A posta en valor da experiencia e capacidades das Universidades galegas no eido da CUD.
- O establecemento de alianzas multiactor e o desenvolvemento de experiencias de colaboración con outros axentes de cooperación, Administracións Públicas e entidades empresariais.
- O reforzamento da capacidade institucional e dinamismo da Universidade de Vigo no eido da CUD.

#### **1.4. Diagnóstico da RGCUD**

As persoas participantes neste proceso de planificación realizaron o seguinte diagnóstico da RGCUD analizando as súas capacidades internas (fortalezas e debilidades) e identificando no entorno as tendencias que facilitan ou dificultan o desenvolvemento da súa misión e visión (oportunidades e ameazas).



<b>FORTALEZAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Vontade colectiva e experiencia positiva de traballo conxunto.</li> <li>– Recoñecida traxectoria e experiencia na CUD e na visibilización, sensibilización e formación sobre a Axenda 2030 e os ODS.</li> <li>– Vontade política e compromiso real por parte dos equipos de goberno das Universidades.</li> <li>– Liderados definidos e institucionalizados nas tres universidades.</li> <li>– Identificación da base social (PDI, PAS) que traballa en cooperación.</li> <li>– Aprendizaxes compartidas.</li> <li>– Identidade compartida con base nunha memoria e experiencia de traballo en man común.</li> <li>– Mellora da coordinación inter e intrainstitucional.</li> </ul>	<b>DEBILIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Debilidade da marca RGCUD.</li> <li>– Pouca visibilización e visibilidade da RGCUD e dos servizos responsables de cooperación e voluntariado.</li> <li>– Envellecemento do PAS e PDI con resistencias aos cambios institucionais e aos procesos de innovación.</li> <li>– Inexistencia dunha secretaría técnica na RGCUD con persoal estable.</li> <li>– Ausencia dunha estratexia da RGCUD a medio prazo.</li> <li>– Baixo coñecemento da Axenda 2030 e os ODS entre a comunidade universitaria.</li> <li>– Actividades moi centradas no PDI.</li> <li>– Fallos de coordinación e comunicación.</li> <li>– Inexistencia de avaliacións externas do traballo da RGCUD.</li> <li>– Rixideces e falta de harmonización nos procesos de contratación do persoal técnico da RGCUD.</li> <li>– Sobrecarga de traballo do persoal dos servizos responsables de cooperación, voluntariado e responsabilidade social.</li> <li>– Falla dunha visión integral e o traballo por silos en cooperación, educación e investigación.</li> </ul>
<b>OPORTUNIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Renovación de PDI e PAS con novas ideas e disposto a comprometerse neste eido.</li> <li>– Apoio institucional da Xunta de Galicia a través do convenio estable coas tres Universidades e da mención da RGCUD no IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).</li> <li>– Existencia de plan de acción e implementación da Axenda 2030 a nivel estatal con recoñecemento do papel das Universidades.</li> <li>– Impulso da Axenda 2030 e os ODS desde a CRUE.</li> </ul>	<b>AMEAZAS</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Axenda política regresiva.</li> <li>– Crise de financiamento da Universidade e lóxicas de competencia entre as Universidades.</li> <li>– Desconfianzas mutuas entre Universidades.</li> <li>– Restricións ao financiamento das actividades de CUD das Universidades pola Xunta de Galicia.</li> <li>– Crise demográfica.</li> <li>– Cambio de paradigma respecto da función social da Universidade Pública.</li> <li>– Mercantilización do ensino superior.</li> <li>– Competencia de universidades privadas e a distancia.</li> <li>– Cambios nos equipos de goberno e das persoas responsables dos servizos responsables de cooperación, voluntariado, responsabilidade social ou desenvolvemento sustentable.</li> <li>– Desconfianzas dos axentes de cooperación que perciben á Universidade como unha competidora por recursos públicos e non como unha aliada.</li> <li>– Falla de recoñecemento dos Estudos de Desenvolvemento como área de coñecemento.</li> </ul>

### 1.5. Retos e desafíos da RGCUD

Os principais retos e desafíos da RGCUD localizáronse nos seguintes aspectos:

- Reforzamento dos procesos de institucionalización da CUD e de localización da Axenda 2030 e os ODS nas tres Universidades públicas galegas cunha visión de coherencia de políticas.
- Fortalecemento da marca RGCUD no Sistema Universitario Galego e no conxunto do sistema galego de cooperación.
- Promoción da participación activa do conxunto da comunidade universitaria nas actividades organizadas pola RGCUD.
- Mellora da xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais derivadas de estudos e avaliacións específicas.
- Consolidación dunha comunidade epistémica interuniversitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.
- Impulso da harmonización no deseño, execución e avaliación das actividades nas tres Universidades.
- Reforzamento da capacidade técnica da RGCUD e a dotación dunha estrutura de recursos estable e con dedicación exclusiva.
- Consolidación dunha cultura de cooperación e coordinación con base nunha eficaz división do traballo e a posta en valor das capacidades e talentos específicos de cada Universidade.
- Construción de alianzas de traballo estables con outros axentes de cooperación, Administracións Públicas e entidades empresariais.
- Mellora da difusión á comunidade universitaria e á cidadanía do traballo da RGCUD.

### 1.6. Misión e visión da RGCUD

Esta estratexia declara como misión e visión da RGCUD:

#### Misión

*A Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD), integrada polas Universidades públicas de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, promove a cooperación internacional para o desenvolvemento humano sustentable e a educación para a cidadanía global entre a comunidade universitaria galega a través de actividades de formación, investigación, transferencia de coñecemento e responsabilidade social contribuíndo ao logro da Axenda 2030 das Nacións Unidas e os seus Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).*

## Visión

*O Sistema Universitario de Galicia (SUG) aspira a conseguir un mundo onde as persoas estean primeiro, onde ningunha persoa sexa deixada atrás, onde a prosperidade sexa compartida por todas as persoas e comunidades e se respecte e conserve o planeta, onde se consolide e constrúa a paz baseada na xustiza, a democracia e os dereitos humanos, e onde traballemos conxuntamente e en asociación para construílo.*

### Visión da Axenda 2030

- Poñer fin á pobreza e á fame en todas as súas formas e dimensións, fomentar a resiliencia e mirar porque todos os seres humanos poidan realizar o seu potencial con dignidade e igualdade nun medio ambiente saudable. As **persoas** no centro.
- Protexer o planeta contra a degradación, mediante a produción e o consumo sostibles, a xestión sostible dos recursos naturais e a través de medidas urxentes para facer fronte ao cambio climático. Preservar o noso **planeta**.
- Fomentar un desenvolvemento económico, integrado, inclusivo e sostible, que reduza a desigualdade, reforce a equidade e as capacidades das persoas, para que todos os seres humanos poidan gozar dunha vida próspera e plena. Unha **prosperidade** compartida.
- Propiciar sociedades pacíficas, xustas e inclusivas, libres do temor e da violencia. Construír a **paz**.
- Mobilizar os medios necesarios para implementar a Axenda 2030 e promover un espírito de maior solidariedade mundial que se centre particularmente nas necesidades das persoas máis pobres e vulnerables, coa colaboración de todos os países, todas as partes interesadas e todas as persoas. Construír **alianzas**.

### 1.7. Valores, principios e enfoques da RGCUD

A Axenda 2030 ten implicado unha renovación da misión da CUD e unha actualización do seus valores, principios e enfoques tal e como se recolle nas *Directrices da cooperación universitaria ao desenvolvemento para o período 2019-2030* da CRUE (2019). Estes valores, principios e enfoques sustentáanse no principio ético que afirma que as persoas están en primeiro lugar, que non se pode deixar a ningunha persoa atrás e que se debe preservar o noso planeta.

#### Valores

- Solidariedade e orientación preferente cara a persoas, colectivos e sociedades máis vulnerables.
- Cooperación e respecto do principio de asociación e apropiación.
- Participación, democracia e bo goberno.
- Tolerancia e respecto á interculturalidade e ás diversidades.
- Corresponsabilidade.
- Xustiza e respecto dos dereitos humanos.
- Innovación.
- Traballo en rede.

Principios	
-	O desenvolvemento humano sustentable.
-	A promoción dos dereitos humanos e a non discriminación.
-	A equidade de xénero.
-	Igualdade e inclusión.
-	Cultura democrática e da paz.
-	A promoción da saúde e da educación.
-	A promoción da ciencia, a tecnoloxía e a cultura para o logro dun desenvolvemento económico sustentable e a mellora das condicións de vida da poboación máis vulnerable, desfavorecida e empobrecida.
Enfoques	
-	Enfoque de desenvolvemento humano sustentable.
-	Enfoque baseado en Dereitos Humanos.
-	Enfoque de xénero.
-	Enfoque de resiliencia e fortalecemento de capacidades.
-	Enfoque de xestión orientada a resultados de desenvolvemento.

### 1.8. Gobernanza e capacidades da RGCUD

A dirección e goberno da RGCUD corresponde á comisión específica integrada por PDI e PAS das tres Universidades públicas galegas que desempeñan cargos institucionais ou pertencen aos servizos con competencias en CUD, voluntariado, participación, desenvolvemento sustentable ou responsabilidade social universitaria.

En 2020 os servizos responsables da dirección, goberno e dinamización da RGCUD son:

<b>UDC</b>	Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV). Vicerreitoría de Internacionalización e Cooperación.
<b>USC</b>	Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) e Oficina de Desenvolvemento Sostible. Vicerreitoría de Comunicación, Cultura e Servizos. Vicerreitoría de Planificación, Tecnoloxía e Sustentabilidade
<b>UVIGO</b>	Área de Responsabilidade Social e Cooperación. Vicerreitoría de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

En relación ao marco estratéxico institucional, a actividade da RGCUD alíñase fundamentalmente coas seguintes estratexias das Universidades:

<b>UDC</b>	- Plan Estratéxico UDC 2020. - Planificación Estratéxica 2017-2020 da OCV.
<b>USC</b>	- Plan Estratéxico 2011-2020. - Plan de Desenvolvemento Sostible.
<b>UVIGO</b>	- Plan Estratéxico UVIGO. - Estratexia de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación.

A nivel operativo, entre 2014 e 2016 a RGCUD contou con persoal técnico contratado especificamente para a execución das actividades financiadas polo convenio coa Xunta de

Galicia baixo a dirección do PDI e PAS dos servizos e unidades especializadas. A partir de 2016, a planificación, xestión e execución das súas actividades foi asumida en exclusiva polo devandito PDI e PAS co apoio puntal de asistencias técnicas externas que complementaron as capacidades do persoal con dedicación parcial á RGCUD.

Para o desenvolvemento das súas actividades, a RGCUD conta cos recursos humanos, técnicos e orzamentarios que as Universidades poñen a disposición dos devanditos servizos e unidades especializadas. A nivel financeiro, o convenio da Xunta de Galicia coas tres Universidades dota á RGCUD de recursos orzamentarios para a execución da programación de actividades recollida no devandito convenio.

## **2. Ámbitos estratéxicos da CUD das Universidades públicas galegas**

Ao abeiro das *Directrices da cooperación universitaria ao desenvolvemento para o período 2019-2030* da CRUE (2019), a RGCUD ten seleccionado cinco ámbitos estratéxicos aos que as Universidades públicas galegas poden realizar unha achega significativa e de valor con base na súa experiencia, capacidades, activos e recursos.

Estes ámbitos estratéxicos abranguen de forma integral e transversal as cinco esferas da Axenda 2030 e salientan o valor diferencial e a especialización da CUD das Universidades galegas. Ao tempo, a través destes ámbitos estratéxicos, as Universidades galegas contribúen corresponsablemente á consecución da Axenda 2030 e dos ODS canda ao resto de actores e axentes públicos e privados a nivel local, estatal, rexional e mundial.

- AE 1. Contribuír a unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todas as persoas.**
- AE 2. Fomentar a xeración e transmisión de coñecemento a través de actividades de investigación, desenvolvemento e innovación que acheguen solucións aos retos e desafíos do desenvolvemento humano sustentable nas cinco esferas da Axenda 2030 (persoas, planeta, prosperidade, paz e alianzas).**
- AE 3. Promover o fortalecemento da capacidade das institucións de educación superior, centros de investigación e administracións públicas nos países en vías de desenvolvemento.**
- AE 4. Impulsar as alianzas e o traballo en rede cos axentes e actores de cooperación no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.**
- AE 5. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social, os dereitos humanos, o voluntariado, a solidariedade, a cultura da paz e o desenvolvemento humano sustentable.**

### 3. Resultados de xestión

Esta estratexia deseñouse con base no modelo de xestión orientada a resultados co fin de promover unha maior simplicidade e utilidade do marco de resultados mediante un maior alcance na formulación dos resultados, liñas de acción e indicadores.

Por resultados de xestión (RX) entendemos os logros relativos a aqueles aspectos internos organizativos que a RGCUD debe acometer no campo do reforzamento e cambios de capacidades da comunidade universitaria para apoiar a consecución dos resultados de desenvolvemento definidos pola Axenda 2030 nos 17 ODS e nas súas 169 metas.

Para cada resultado de xestión téñense identificado unha serie de liñas de acción que dan continuidade á experiencia previa da RGCUD mais que tamén engaden elementos innovadores para reforzar a súa capacidade global para impulsar a CUD e a Axenda 2030 nas Universidades públicas galegas.

#### **RX 1. As Universidades públicas galegas incorporan de maneira transversal os principios, valores e obxectivos do desenvolvemento humano sustentable á gobernanza, planificación e xestión universitaria**

##### ***LA 1.1. Apoiar e reforzar os procesos de institucionalización da CUD e de localización da Axenda 2030 e os ODS nas Universidades integradas na RGCUD cunha visión de coherencia de políticas.***

A RGCUD opera como unha rede especializada en CUD, Axenda 2030 e ODS e conta con experiencia e capacidade para apoiar os actuais procesos de institucionalización da CUD así como de localización da Axenda 2030 e os ODS que están a ser implementados nas Universidades públicas galegas. Xa que logo, pode colaborar e prestar asistencia técnica e asesoramento aos equipos de goberno, aos órganos colexiados e ás unidades e servizos responsables da elaboración dos plans e estratexias universitarias.

Complementariamente, a RGCUD apoiará a coherencia de políticas entendida como a integración da visión do desenvolvemento humano sustentable no deseño, implementación e avaliación de todas as políticas universitarias e como expresión da responsabilidade compartida e do compromiso das Universidades coa promoción da xustiza global e a solidariedade internacional.

##### ***LA 1.2. Fomentar a visibilización da CUD na axenda institucional e dos equipos de goberno e xestión das Universidades integradas na RGCUD.***

A RGCUD ten como obxectivo fomentar as actividades de CUD como expresión do compromiso solidario das Universidades públicas galegas cos países empobrecidos ou en vías de desenvolvemento. Con este fin promoverá a participación activa das comunidades universitarias

na CUD e incidirá nos espazos de dirección e xestión para a transversalización da CUD, a Axenda 2030 e os ODS na gobernanza e xestión universitarias favorecendo a creación dun clima favorable e de dinámicas facilitadoras dese compromiso solidario.

**RX 2. As Universidades públicas galegas inclúen na formación da comunidade universitaria as competencias e contidos relacionados co desenvolvemento sustentable, equitativo e inclusivo necesarios para a construción dunha cidadanía global activa, crítica e comprometida coa transformación social positiva.**

***LA 2.1. Diseñar e executar un plan integral, harmonizado e integrado de formación sobre CUD, Axenda 2030 e ODS dirixido á comunidade universitaria.***

A RGUD elaborará anualmente un plan integral, harmonizado e integrado de formación sobre CUD, Axenda 2030 dirixido á comunidade universitaria a través da coordinación entre as tres Universidades e da adaptación ás demandas formativas das súas respectivas comunidades universitarias. Este plan de formación abranguerá temáticas como identificación e formulación de proxectos con enfoque de marco lóxico; captación de recursos financeiros específicos; xeración e transferencia de coñecemento e innovación en CUD, Axenda 2030 e ODS; procesos de ensino-aprendizaxe innovadores, etc. Ao tempo, a RGCUD impulsará os procesos de incorporación da CUD, Axenda 2030 e ODS nos estudos de grao e posgrao das Universidades públicas galegas e fomentará os contornos de formación presencial, virtual e a distancia.

***LA 2.2. Consolidar o sistema de incentivos para a integración da CUD, Axenda 2030 e ODS nos plans de estudo de grao e posgrao e nos procesos de docencia e aprendizaxe universitaria.***

A RGCUD ten promovido a creación dun sistema de incentivos para a integración da CUD, Axenda 2030 e ODS tanto nos plans de estudo de grao e posgrao como nos procesos de docencia e aprendizaxe. Este sistema de incentivos abrangue o recoñecemento da participación da comunidade universitaria nas actividades de CUD, os premios aos mellores TFG e TFM no eido da CUD, RSU e sustentabilidade, e formación sobre a integración curricular dos contidos e competencias do desenvolvemento humano sustentable. Ademais, os programas de mobilidade internacional (programas de coñecemento da realidade, programas de coñecemento da cooperación, elaboración do TFG/TFM, etc.) facilitan a concienciación, sensibilización e participación social da comunidade universitaria e teñen motivado a elaboración de traballos académicos e investigacións no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS. A RGCUD consolidará este sistema de incentivos cunha dimensión interuniversitaria.

***LA 2.3. Impulsar as actividades de voluntariado e participación social da comunidade universitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.***

A RGCUD fomentará as actividades de voluntariado e participación social da comunidade universitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS apoiando a xestión do ciclo do voluntariado que desenvolven os servizos específicos das tres Universidades públicas galegas.

**RX 3. As Universidades públicas galegas promoven a xeración e transferencia de coñecemento ao servizo do desenvolvemento sustentable e da visión, retos e desafíos da Axenda 2030 en todas as súas esferas (persoas, prosperidade, planeta, paz e alianzas).**

***LA 3.1. Promover a sensibilización coa CUD, Axenda 2030 e ODS entre a comunidade universitaria.***

A RGCUD promoverá campañas conxuntas de sensibilización e visibilización da CUD, Axenda 2030 e ODS entre a comunidade universitaria das tres Universidades públicas galegas. Complementariamente, realizará enquisas para valorar o grao de coñecemento da CUD, Axenda 2030 e ODS entre a comunidade universitaria das tres Universidades públicas galegas.

***LA 3.2. Impulsar e apoiar o desenvolvemento de proxectos innovadores que afronten os retos e desafíos da Axenda 2030 a nivel local e global.***

A RGCUD impulsará e apoiará aqueles proxectos innovadores que afronten os retos e desafíos da Axenda 2030 nas súas cinco esferas a nivel local e global poñendo ao servizo do PDI e PAS as súas capacidades e competencias técnicas especializadas e operando como un nodo de intercambio de información e recursos neste eido.

***LA 3.3. Promover a consolidación dunha comunidade epistémica interuniversitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.***

A RGCUD promoverá a consolidación dunha comunidade epistémica interuniversitaria a través de espazos e dinámicas de intercambio de experiencias e aprendizaxes e do traballo en rede, facilitando a comunicación entre o PDI e PAS no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS. Tamén apoiará os procesos de constitución e consolidación de grupos de investigación especializados neste ámbito.

***LA 3.4. Incentivar a xeración de sinerxías entre o PDI e PAS das tres Universidades con intereses e experiencia en CUD, Axenda 2030 e ODS.***

A RGCUD operará como unha estrutura de comunicación, información e traballo en rede co fin de incentivar a xeración de sinerxías e experiencias de cooperación e coordinación entre o PDI e PAS das tres Universidades públicas galegas. Ao tempo, mobilizará a súa participación nos procesos de consulta ou asistencia técnica no marco do deseño, implementación e avaliación de políticas públicas no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.



#### **RX 4. A RGCUD fortalece a súa capacidade institucional.**

##### ***LA 4.1. Reforzar a capacidade técnica da RGCUD a través da dotación dunha estrutura de recursos financeiros previsibles e de persoal técnico estable e con dedicación exclusiva.***

A RGCUD reforzará a súa capacidade técnica a través da constitución dunha secretaría técnica dotada de recursos financeiros previsibles e de persoal técnico estable con dedicación exclusiva. Ademais poderá complementar a súa capacidade técnica con aquelas asistencias técnicas externas necesarias para a execución da súa programación anual.

A RGCUD financiará as súas actividades con recursos propios das Universidades e a través de financiamento público e privado co obxectivo de garantir a súa sustentabilidade institucional. Ao tempo, fomentará a continuidade do convenio asinado desde 2014 co órgano de dirección da Xunta de Galicia competente en materia de cooperación para o desenvolvemento.

##### ***LA 4.2. Consolidar a cultura de cooperación e coordinación na RGCUD a través de espazos e dinámicas estables de diálogo, planificación e coordinación e a posta en valor das capacidades e talentos específicos de cada Universidade.***

A RGCUD estará liderada e dinamizada por un equipo de goberno que integre PDI, PAS e estudantado das tres Universidades públicas galegas cunha participación activa dos servizos e unidades especializados en CUD, desenvolvemento sustentable, responsabilidade social universitaria e participación. No seo da RGCUD fomentaranse espazos e dinámicas estables de diálogo, planificación e coordinación a través do deseño participativo e execución coordinada da súa planificación operativa anual e do seguimento e avaliación da súa execución. Para a execución deste Plan Estratégico constituirase unha comisión específica de seguimento con responsabilidade na súa supervisión e implementación.

##### ***LA 4.3. Impulsar a xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais derivadas de estudos e avaliacións específicas.***

A RGCUD impulsará unha activa xestión do coñecemento a través de procesos de xeración, intercambio e transferencia das aprendizaxes institucionais. Ao tempo, fomentará a realización de estudos e investigacións específicas no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS e liderará os procesos tanto de avaliación interna e externa deste Plan Estratégico como de rendición de contas das súas actividades.

##### ***LA 4.4. Fomentar a construción de alianzas de traballo estables con outras Universidades e actores (Administracións Públicas, ONG, sector privado, sindicatos, etc.) no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.***

A RGCUD dará continuidade á actividade de promoción de alianzas de traballo estable con outras Universidades e actores públicos e axentes privados no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.

Ademais, asumirá un maior protagonismo e liderado nas actuais redes de traballo ás que pertence.

***LA 4.5. Dinamizar a captación de recursos no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS por parte da comunidade universitaria.***

A RGCUD prestará asistencia técnica especializada ao PDI, PAS e centros e grupos de investigación que presenten proxectos no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS a financiadores públicos e privados. Ademais, a RGCUD promoverá a diversificación das súas propias fontes de financiamento.

**RX 5. A comunidade universitaria e a cidadanía galega acceden a información de calidade sobre os logros colectivos no eido da CUD e da consecución dos ODS por parte das Universidades públicas galegas.**

***LA 5.1. Facilitar o acceso público a información sobre a CUD e a realización e localización da Axenda 2030 nas Universidades integradas na RGCUD.***

A RGCUD dará continuidade ao seu compromiso coa transparencia e rendición de contas á comunidade universitaria e cidadanía sobre o valor diferencial, impacto e resultados da actividade das Universidades públicas galegas no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS. Con este fin manterá operativa e actualizada a páxina web e creará unha sección específica dedicada á rendición de contas e transparencia. Ademais, dinamizaranse as redes sociais da RGCUD co fin de facilitar o acceso público á información sobre as súas actividades.

***LA 5.2. Reforzar a identificación e visibilización das iniciativas e proxectos da comunidade universitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.***

A RGCUD manterá actualizada a base de datos sobre a CUD nas Universidades públicas galegas que está dispoñible e accesible a través da páxina web da RGCUD.

***LA 5.3. Difundir á comunidade universitaria e á cidadanía o traballo e logros colectivos da RGCUD.***

A RGCUD actualizará e executará o seu Plan de Comunicación. Ao tempo, promoverá a celebración de encontros coa comunidade universitaria, cidadanía e outros axentes e actores de cooperación para a presentación de resultados e rendición de contas das actividades da RGCUD así como daquelas outras accións no eido da CUD lideradas ou participadas pola comunidade universitaria.

## 4. Avaliación e xestión do coñecemento

Esta estratexia promoverá a aprendizaxe colectiva no seo da RGCUD e da comunidade universitaria a través da operativización e dinamización de espazos e instrumentos para o intercambio de coñecementos, boas prácticas e resultados. Xa que logo, asignaranse os recursos necesarios para impulsar as investigacións, estudos, sistematizacións e avaliacións de calidade orientadas á mellora continua da CUD nas Universidades galegas e mais das actividades da RGCUD.

Xunto con esta xestión activa do coñecemento e das aprendizaxes, promoverase a celebración de encontros coa comunidade universitaria, cidadanía e outros axentes e actores de cooperación para a presentación de resultados e rendición de contas das actividades da RGCUD así como daquelas outras accións no eido da CUD lideradas ou participadas pola comunidade universitaria.

O sistema de seguimento desta estratexia estará integrada polos seguintes elementos, accesibles á comunidade universitaria e á cidadanía a través da páxina web da RGCUD.

1. Informes anuais de seguimento ou memoriais anuais de xestión da RGCUD.
2. Informes de avaliación interna das actividades da RGCUD e do seu plan operativo anual.
3. Informes de avaliación intermedia e final desta estratexia.
4. Estudos e investigacións financiados pola RGCUD ou desenvolvidos pola comunidade universitaria no eido da CUD.

Esta estratexia someterase no segundo semestre de 2024 a unha análise intermedia empregando os datos e informes do sistema de seguimento. O obxectivo desta análise será revisar o progreso no cumprimento dos resultados de xestión e entrega de produtos, valorar a adecuación da previsións da estratexia aos novos contextos, identificar propostas de mellora e revisar o marco de resultados e indicadores.

No segundo semestre de 2030 levarase a cabo a avaliación final desta estratexia con participación da comunidade universitaria e outros axentes de cooperación. Os resultados desta avaliación estarán dispoñibles con antelación suficiente para orientar o novo ciclo de planificación.

A análise intermedia e a avaliación final deberán contribuír á aprendizaxe e facilitar o uso dos seus resultados en todos os niveis de responsabilidade da RGCUD. Ao tempo, os seus resultados empregaranse para informar e render contas aos equipos de goberno das Universidades, á Xunta de Galicia, á comunidade universitaria e a resto de axentes e actores de cooperación.

## 5. Marco de resultados e indicadores

Resultados de xestión	Liñas de acción	Indicadores <sup>1</sup>	Produtos
<p><b>RX 1.</b> As Universidades públicas galegas incorporan de maneira transversal os principios, valores e obxectivos do desenvolvemento humano sustentable á gobernanza, planificación e xestión universitaria</p>	<p>LA 1.1. Apoiar e reforzar os procesos de institucionalización da CUD e de localización da Axenda 2030 e os ODS nas Universidades integradas na RGCUD cunha visión de coherencia de políticas.</p>	<p>1. Aprobados plans e estratexias das Universidades públicas galegas que integran a CUD, a Axenda 2030 e os ODS.</p>	<p>1. Asistencias técnicas e asesoramento por parte da RGCUD.</p> <p>2. Estratexias das Universidades públicas galegas que integran a CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>
	<p>LA 1.2. Fomentar a visibilización da CUD na axenda institucional e dos equipos de goberno e xestión das Universidades integradas na RGCUD.</p>	<p>2. Nº de actividades promovidas pola RGCUD con participación dos equipos de goberno e xestión das Universidades.</p>	<p>3. Memoria anual de actividades da RGCUD.</p>
<p><b>RX 2.</b> As Universidades públicas galegas inclúen na formación da comunidade universitaria as competencias e contidos relacionadas co desenvolvemento sustentable, equitativo e inclusivo necesarios para a construción dunha cidadanía global activa, crítica e comprometida coa transformación social positiva.</p>	<p>LA 2.1. Diseñar e executar un plan integral, harmonizado e integrado de formación sobre CUD, Axenda 2030 e ODS dirixido á comunidade universitaria.</p>	<p>3. Executado anualmente un plan de formación sobre CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>	<p>4. Plan anual de formación sobre CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>
	<p>LA 2.2. Consolidar o sistema de incentivos para a integración da CUD, Axenda 2030 e ODS nos plans de estudo de grao e posgrao e nos procesos de docencia e aprendizaxe universitaria.</p>	<p>4. Nº de materias con contidos relacionados coa CUD, Axenda 2030 e ODS.</p> <p>5. Nº de TFG/TFM e teses de doutoramento no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p> <p>6. Nº de bolsas concedidas nos programas de mobilidade internacional no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>	<p>5. Actividades de formación e innovación educativa no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p> <p>6. Premios ao mellor TFG/TFM en CUD, Axenda 2030 e ODS.</p> <p>7. Bolsas de mobilidade internacional no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>
	<p>LA 2.3. Impulsar as actividades de voluntariado e participación social da comunidade universitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>	<p>7. Nº de voluntarios/as no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>	<p>8. Programas e actividades de voluntariado e participación social no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>
<p><b>RX 3.</b> As Universidades públicas galegas promoven a xeración e transferencia de coñecemento ao servizo do desenvolvemento sustentable e da visión, retos e desafíos da Axenda 2030 en todas as súas esferas (persoas, prosperidade, planeta, paz e alianzas).</p>	<p>LA 3.1. Promover a sensibilización coa CUD, Axenda 2030 e ODS entre a comunidade universitaria.</p>	<p>8. Aumento do coñecemento da CUD, Axenda 2030 e ODS entre a comunidade universitaria.</p> <p>9. Nº de campañas de sensibilización e difusión da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>	<p>9. Informe de resultados de enquisa de coñecemento da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p> <p>10. Campañas de sensibilización e difusión da CUD, Axenda 2030 e ODS.</p>
	<p>LA 3.2. Impulsar e apoiar o desenvolvemento de proxectos innovadores que afronten os retos e desafíos da Axenda 2030 a nivel local e global.</p>	<p>10. Nº de proxectos innovadores no eido da Axenda 2030.</p>	<p>11. Proxectos innovadores no eido da Axenda 2030.</p>
	<p>LA 3.3. Promover a consolidación dunha</p>	<p>11. Constituída unha comunidade epistémica</p>	<p>12. Comunidade epistémica interuniversitaria no eido</p>

<sup>1</sup> Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia deste plan estratéxico en 2030.

	comunidade epistémica interuniversitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.	interuniversitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS. 12. Nº de grupos de investigación no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.	da CUD, Axenda 2030 e ODS. 13. Grupos de investigación especializados en CUD, Axenda 2030 e ODS.
RX 4. A RGCUD fortalece a súa capacidade institucional.	LA 4.1. Reforzar a capacidade técnica da RGCUD a través da dotación dunha estrutura de recursos financeiros previsible e de persoal técnico estable e con dedicación exclusiva.	13. Nº de persoal técnico contratado ao servizo da RGCUD. 14. Valor do orzamento anual da RGCUD.	14. Secretaría técnica da RGCUD. 15. Orzamento da RGCUD e fontes de financiamento.
	LA 4.2. Consolidar a cultura de cooperación e coordinación na RGCUD a través de espazos e dinámicas estables de diálogo, planificación e coordinación e a posta en valor das capacidades e talentos específicos de cada Universidade.	15. Constituída a comisión de seguimento do plan estratéxico. 16. Nº de xuntanzas do equipo de goberno da RGCUD.	16. Comisión de seguimento do plan estratéxico. 17. Plan operativo anual.
	LA 4.3. Impulsar a xestión do coñecemento e das aprendizaxes institucionais derivadas de estudos e avaliacións específicas.	17. Nº de estudos, investigacións e avaliacións promovidas. 18. Nº de actividades de intercambio de experiencias e aprendizaxes e de rendición de contas	18. Estudos e investigacións. 19. Informes de avaliación interna das actividades e do plan operativo anual. 20. Informe de avaliación intermedia do Plan Estratéxico. 21. Informe de avaliación final do Plan Estratéxico.
	LA 4.4. Fomentar a construción de alianzas de traballo estables con outras Universidades e actores (Administracións Públicas, ONG, sector privado, sindicatos, etc.) no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.	19. Nº de alianzas e redes de traballo nas que participa a RGCUD.	22. Redes e alianzas de traballo.
	LA 4.5. Dinamizar a captación de recursos no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS por parte da comunidade universitaria.	20. Nº de proxectos financiados no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.	23. Proxectos no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.
RX 5. A comunidade universitaria e a cidadanía galega acceden a información de calidade sobre os logros colectivos no eido da CUD e da consecución dos ODS por parte das Universidades públicas galegas.	LA 5.1. Facilitar o acceso público a información sobre a CUD e a realización e localización da Axenda 2030 nas Universidades integradas na RGCUD.	21. Actualizada a web e redes sociais da RGCUD.	24. Web da RGCUD. 25. Redes sociais da RGCUD.
	LA 5.2. Reforzar a identificación e visibilización das iniciativas e proxectos da comunidade universitaria no eido da CUD, Axenda 2030 e ODS.	22. Actualizada a base de datos de CUD.	26. Base de datos de CUD.
	LA 5.3. Difundir á comunidade universitaria e á cidadanía o traballo e logros colectivos da RGCUD.	23. Nº de novas publicadas sobre actividades da RGCUD.	27. Plan de comunicación da RGCUD.

## Listado de acrónimos e siglas

ApS	Aprendizaxe-Servizo.
ARSC	Área de Responsabilidade Social e Cooperación da UVIGO.
CGONGD	Coordinadora Galega de ONG de Desenvolvemento.
CRUE	Conferencia de Reitores das Universidades Españolas.
CUD	Cooperación universitaria para o desenvolvemento.
ESCUDES	Estratexia de cooperación universitaria ao desenvolvemento.
OAS	Oficina de Acción Solidaria da UDC.
OCUD	Observatorio da Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.
OCV	Oficina de Cooperación e Voluntariado da UDC.
ODS	Obxectivo de desenvolvemento sustentable.
ONGD	Organización non governamental para o desenvolvemento.
PDI	Persoal docente e investigador.
PAS	Persoal de administración e servizos.
RGCU	Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento.
RSU	Responsabilidade Social Universitaria.
SEPIU	Servizo de Participación e Integración Universitaria da USC.
TFG	Traballo de Fin de Grao.
TFM	Traballo de Fin de Mestrado.
UDC	Universidade de A Coruña.
USC	Universidade de Santiago de Compostela.
UVIGO	Universidade de Vigo.

## Bibliografía

- CRUE (2000). *Estrategia de cooperación universitaria al desarrollo*. Madrid: Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas.
- CRUE (2006). *Código de conducta de las Universidades Españolas en materia de cooperación para el desarrollo*. Madrid: Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas.
- CRUE (2018). *El compromiso de las Universidades españolas con la Agenda 2030*. Madrid: Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas.
- CRUE (2019). *Directrices de la cooperación universitaria para el desarrollo 2019-2030*. Madrid: Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas.
- Futuro en Común (2016). *Valoración de la Agenda 2030*.
- Gobierno de España (2018). *Informe de España para el examen nacional voluntario 2018*. Madrid: Gobierno de España.
- Gobierno de España (2018). *Plan de Acción para la Implementación de la Agenda 2030. Hacia una Estrategia Española de Desarrollo Sostenible*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación.
- Gobierno de España (2019). *Informe de progreso. La implementación de la Agenda 2030 en España*. Madrid: Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea y Cooperación. Gobierno de España.
- Independent Group of Scientists (2019). *Global Sustainable Development Report 2019. The Future is Now- Science for Achieving Sustainable Development*. New York: United Nations.
- Naciones Unidas (2013). *A Million Voices: The World We Want. A Sustainable Future with Dignity for All*. Nova York: Naciones Unidas.
- Naciones Unidas (2015). *Transformar nuestro mundo: la Agenda 2030 para el desarrollo sostenible*. Nova York: Naciones Unidas.
- Sachs, J., Schmidt-Traub, G., Kroll, C., Lafortune, G., & Fuller, G. (2019). *Sustainable Development Report 2019*. New York: Bertelsmann Stiftung and Sustainable Development Solutions Network (SDSN).
- SDSN Australia/Pacific (2017). *Cómo empezar con los ODS en las Universidades. Una guía para las universidades, centros de educación superior y el sector académico*. Australia/Pacific, Melbourne: Sustainable Development Solutions Network.